BASES CONCURSO VIRTUAL DE ENTROIDO.

CARNOTA 2021

1ª OBXECTO:
O concurso virtual de Entroido que organiza o Concello de Carnota dentro da programación Cultural (tendo en conta o momento que estamos a pasar e as restincións por mor da Covid_19), ten como finalidade non deixar pasar o Entroido sen celebralo dalgún xeito.
Trátase de gravar un vídeo no fogar mostrando o ben que o pasades, as regheifas/sátiras/cancións/coreografías … que preparástedes e así o xurado premiará a orixinalidade do disfraz e da súa posta en escea.

2ª PARTICIPANTES:
Poderá participar no concurso calquera persoa empadroada en Carnota, ca excepción dos membros do xurado e os seus familiares directos.

3ª CATEGORÍAS:
Hai 3 categorías, nas cales só poderán participar (en parellas ou grupos) persoas conviventes.

- Individuais. Tanto adultos como infantís.
- Parellas. Adultos, infantís ou adultos con rapazada
- Comparsa. Un grupo de máis de tres persoas, ben sexan maiores e/ou nenos, tendo en conta sempre que teñen que ser conviventes.

4ª ÁMBITO XEOGRÁFICO:
Todas imaxes deberán tomarse no do ámbito familiar, fomentando o "quédate na casa" ou o "sae só cos conviventes" que estamos a vivir nestes tempos.

5ª OBRAS:
Cada participante poderá presentarse só nunha das categorías. Os vídeos terán que ser orixinais e inéditos (que non se presentaran con anterioridade en outros concursos, Web ou calquera outro medio dixital ou impreso).

6ª PRESENTACIÓN:
O prazo de inscrición será do 3 ao 16 de febreiro.
O Anexo I pódese descargar dende a web do Concello www.carnota.gal ou ben, imprimíndoa ou solicitándoa nas oficinas do Rexistro Xeral. Unha vez asinada, pódese achegar pola Sede Electrónica do Concello, por WhatsApp (fotografía do anexo

cumprimentado e asinado), por mail (anexo asinado e cumprimentado escaneado) ou ben personalmente no Rexistro xeral do Concello (opción menos indicada nestes tempos). Con este anexo daranse os consentimentos necesarios e enviarase o vídeo.

7ª ENVÍO:
O vídeo terédelo que enviar ao correo electrónico cultura@carnota.gal ou ben por WhatsApp ao teléfono 647459445. Ademáis do vídeo teredes que enviar os vosos datos (título do disfraz, nome e apelidos das persoas participantes, teléfono de contacto e idades).

8ª PREMIOS:
Os premios por categorías serán VALES POR CANTIDADES DE DIÑEIRO PARA GASTAR EN COMERCIOS, SERVICIOS OU HOSTELERÍA DO CONCELLO DE CARNOTA:

INDIVIDUAL:	1º Premio, 60 €.	2º premio, 40 €.	3º premio, 30 €.
PARELLAS:	1º Premio, 90 €.	2º premio, 60 €.	3º premio, 50 €.
COMPARSA:	1º Premio, 150 €.	2º premio, 120 €.	3º premio, 100 €.

9ª FALLO:
O fallo do xurado producirase o mércores 17 de febreiro de 2021 e será comunicado expresamente pola organización aos premiados. Da mesma maneira, o Concello de Carnota difundirá esta información aos medios de comunicación, na súa páxina web e a través dos canais que crea conveniente.

10ª O XURADO:
O xurado estará formado tres persoas do persoal laboral do Concello.

11ª ACEPTACIÓN DAS BASES:
A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases e do fallo inapelable do xurado.

ANEXO I

SOLICITUDE INSCRICIÓN CONCURSO VIRTUAL DE ENTROIDO

CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA:

INDIVIDUAL ☐ PARELLAS ☐ COMPARSA ☐

DATOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES (se participa un/ha menor, poñerase tamén os datos do/a representante legal que vai asinar por el/ela):

NOME	APELIDOS	DNI

TÍTULO DO DISFRAZ:_____
TELÉFONO:_____
EMAIL:_____

A lectura e aceptación destas claúsulas é condición indispensable para participar neste concurso.

CLÁUSULA INFORMATIVA DOS DATOS PERSOAIS

En cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratramento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro. De Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, facilitámoslle a seguinte información:

-Responsable do tratamento dos datos personais: Concello de Carnota.
-Lexitimación: consentimento do interesado.
-Finalidade do tratamento: Xestión das solicitudes de Inscrición.
-Destinatarios: os datos non se comunicarán a terceiros salvo en cumprimento das obrigas legais do responsable.
-Transferencias internacionais: non se prevé a transferencia internacional (fóra do EEE), agás

ferramentas para a xestión das inscricións que cumpran coas garantías adecuadas.
-Prazo de conservación: Os datos conservaranse como mínimo mentres dure a actividade e despois durante o tempo preciso para cumprir coas obrigas legais e os consentimentos outorgados.

☐ Acepto a información sobre o tratamento de datos persoais.

☐ Autorizo e acepto a empregar os videos e as fotografías nas redes sociais, medios de comunicación, web do Concello de Carnota con motivo do concurso de Entroido Virtual e que o Concello fará uso de ditas imaxes de forma responsable.

En Carnota, a _____ de _____ de 2021.

Asdo. (todos/as os/as participantes ou os/as tutores legais dos/as menores):

_____ _____ _____

_____ _____ _____

_____ _____ _____